Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

**NOTA DE PRENSA**

# O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca os premios literarios "Rosa de Cen Follas"

---

*Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2014*.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca a sétima edición dos premios literarios "Rosa de Cen Follas". Os autores e autoras que desexen participar teñen que remitir os seus textos orixinais, escritos en lingua galega, antes do vindeiro 13 de xuño.

Os galardóns contan coas categorías de lírica e narrativa. As obras que concorran deben ser inéditas e non premiadas con anterioridade e a súa temática é libre. Deberán ter unha extensión máxima de dúas páxinas, escritas por unha soa cara. Os premiados e premiadas recibirán 250 euros en cada categoría, ademais dun agasallo conmemorativo do concurso.

O xurado estará composto pola decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, Mª Concepción Rodríguez Pérez, ademais de dous compoñentes de recoñecida traxectoria no mundo da cultura e das letras.

As bases completas do certame poden atoparse na páxina web do COPG www.cop.copgalicia.org.

**Saúdos,**

Se desexan solicitar **entrevistas** para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org